

XUVENTUDE MEN tlor iNG

GUÍA PARA PERSOAS MENTORAS

Obxectivo do programa

Xuventude Mentoring é un programa pioneiro promovido pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Cixug, en colaboración coas tres universidades galegas, e cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

Este programa quere **favorecer a transición á vida laboral das persoas mozas** con estudos de grao/posgrao, formación profesional superior ou estudos superiores nas ensinanzas de réxime especial, inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil mediante accións, non só de orientación e formación en habilidades e competencias para a busca de emprego, tanto por conta propia como por conta allea, senón tamén de mentoría, como ferramenta clave para a mellora da inserción laboral das persoas recentemente tituladas, que adoitan ter moitas dúbidas acerca das posibilidades que lles ofrece o mercado laboral.

Coa túa achega como persoa mentora esperamos que as persoas mozas participantes clarexen o seu obxectivo profesional, reforcen a súa autoestima e perfil, realicen networking aumentando a súa rede de contactos e melloren así as súas expectativas na busca de emprego.

Papel dos mentores/as

As persoas mentoras participantes no programa Xuventude Mentoring **porán ao servizo das persoas mozas as que atendan a súa experiencia profesional e laboral**, axudándolles a mellorar as súas competencias para o emprego e o seu enfoque de desenvolvemento profesional, asesorándoas en relación ao mellor xeito de acadar a súa inserción laboral, xa sexa por conta allea ou propia.

Por iso, procuramos persoas **profesionais con experiencia nos seus sectores, con preparación e coñecementos do sector e do mercado laboral** actual e con tempo para dedicarlle a futuros e futuras profesionais para:

- **Escoitar as inquedanzas das persoas mentorizadas**
- **Aconsellalas e ofrecerlles alternativas acordes co seu obxectivo profesional**
- **Aportar visión empresarial**

O labor de mentoría será voluntario e non retribuído, aínda que a organización do programa poderá compensar ás persoas mentoras, se é o caso, os gastos de desprazamento que poidan derivar do seu labor.

Proceso de mentoría

Cada persoa mentora terá, cando menos, **3 reunións** con cada persoa moza á que apoie, cunha duración máxima aproximada de entre **30 e 60 minutos** por reunión, en función dos temas a tratar.

O tipo, duración e datas e horarios concretos das sesións que se teñan durante o período de mentoría (presenciais ou virtuais) serán pactadas entre a persoa mentora e a persoa mentorizada.

No transcurso destas reunións establecerase unha relación de apoio no que a persoa mentora dará a coñecer á persoa moza apoiada o seu ámbito profesional, e lle ofrecerá asesoramento sobre a forma de abordar a transición ao mundo laboral, podendo concretarse nas seguintes actuacións:

- Obter ou afondar en coñecementos da área de traballo de interese
- Enfocar a súa busca de emprego desde a perspectiva da empresa
- Coñecer a profesionais do sector de interese
- Coñecer outras alternativas profesionais
- Clarificar dúbidas sobre a profesión elixida
- Obter unha perspectiva realista do mundo laboral
- Recibir apoio para a definición do obxectivo profesional e de itinerarios formativos
- Transmitir coñecementos específicos e prácticos sobre a experiencia profesional da persoa mentora
- Proporcionar contactos con empresas/profesionais do sector de cara a realización de prácticas, busca de emprego, etc.
- Proporcionar consello para mellorar a adaptar o perfil profesional ao mercado laboral
- Informar ás persoas titoras de calquera incidencia que xurda en relación coa súa participación ou a da persoa mentorizada no programa

Coordinación co equipo de tutores/as

É importante ter en conta que todo o proceso de apoio por parte das persoas mentoras se realizará de xeito coordinado co equipo técnico do programa.

Deste xeito, cada persoa mentora poderá apoiar a/as persoas/s mozas que considere, proposta/a pola afinidade de intereses profesionais en virtude da ficha de diagnóstico da persoa moza realizada previamente por cada titor ou titora.

Cada mentor/a poderá solicitar información, documentación e apoio en calquera momento ao equipo técnico e, periodicamente, este poderá contactar coas persoas mentoras para facer seguimento e recoller a súa valoración sobre o desempeño das persoas mozas atendidas no programa.

Por último, á finalización do proceso de mentoría, a persoa mentora elaborará unha pequena ficha co resultado desta, segundo o modelo facilitado pola organización do programa.

Obrigas

A adhesión ao programa Xuventude Mentoring como persoa mentora conleva as seguintes obrigas:

- Realizar, cando menos, 3 reunións coas persoas mozas asignadas.
- Elaborar a ficha final de avaliación e resultados do proceso de mentoría.
- Colaborar co equipo técnico do programa na actividades de seguimento.
- Cumprir coas obrigas de publicidade relativa ao cofinanciamento do Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Emprego Xuvenil, nos modelos que lle serán facilitados pola organización do programa.

XUVENTUDE
MEN
tor
ING



Que obtés a cambio?


Se participas como mentor no programa Xuventude Mentoring obterás:

- A satisfacción de ver como a túa experiencia axuda aos mozos e mozas que inician a súa andadura no eido laboral a atopar o seu camiño.
- O recoñecemento por participar nun programa pioneiro de apoio á mocidade galega.
- Compartir vivencias e experiencias cunha nova xeración de profesionais galegos que veñen colaborar a mellorar a produtividade do noso tecido empresarial e, quizás, da túa empresa ou negocio.
- Colaborar a que as novas xeracións de persoas tituladas superiores en Galicia coñezan a realidade do noso mercado laboral e empresarial.
- Participar nas actividades de formación e networking para persoas mentoras organizadas polo programa.

Como podo adherirme?

A través do formulario en liña dispoñible na web do programa xuventudementoring.gal
E se queres ampliar a información, escríbenos a mentoring@cixug.gal

XUVENTUDE
MENTORING



Datos primeiras dúas Edicións

Preto de 300 .. persoas mozas participantes	Un equipo de 25 .. persoas especializadas	Máis de 24 xornadas de networking e visitas a empresas	Formación 92 horas de formación en habilidades e competencias
Máis de 200 Persoas mentoras	Máis de 20 entidades colaboradoras	Cerca de 44% das persoas mozas participantes, está traballando	e outro 17% está facendo prácticas ou completando formación



**XUNTA
DE GALICIA**



**Financiado por
la Unión Europea**



Fondos Europeos



CIXUG

Programa integral de formación e mentoring destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Xuventude Mentoring), Cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+, nun 60%, con cargo ao Programa FSE+Galicia 2021-2027, no obxectivo político 4, prioridade 5, obxectivo específico ESO4.1, medida 5.A.06.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo